

# DOUS POEMAS EN CATALÁN DE ÁLVARO CUNQUEIRO

XESÚS ALONSO MONTERO/GEMMA AVENOZA I VERA

## NOTA PRELIMINAR

No ano 1994 solicitei da profesora Gemma Avenoza, lectora de catalán na Universidade de Santiago, un comentario sobre as peculiaridades lingüísticas dos dous poemas en lingua catalana de Álvaro Cunqueiro. O resultado son as páxinas, redactadas con oficio e rigor, que se ofrecen como segunda parte deste traballo. Tanto esta, como a primeira, da que son autor, foron escritas en decembro de 1994. Agora, marzo de 1998, entregámolas a *Madrygal*, revista á que desexamos, e da que agardamos, os mellores logros.

TEXTO(S) DOS POEMAS: FACSÍMILES

Paradis, Enllac  
l'ajuda es flor  
i l'ànima em roba  
mon amor!

La mar es encara una noia nova  
i per cims d'Enllac seu cos s'enfonza  
mon amic!

El veter es un roser florit  
i el vent nou una fletxa d'or fi  
mon amor!

Ocells refilen sota el cel d'Enllac  
que es "n mon blau de suav remor  
mon amic!

Aigües dels rius de la verde riba  
reniu als arbres del Paradis! us crida  
mon amor!

Enllac, Paradis  
ferit m'he vist  
de flors el pit  
mon amic!

• Tomás Garcés

## CANTIGA CATALANA

Paradís, Enlloc,  
l'aigua és flor  
i l'ànima em roba  
mon amor!

La mar és encara una noia nova  
i per cims d'Enlloc el seu cos s'enfonsa  
mon amic!

El veler és un roser florit  
i el vent nou una fletxa d'or fi  
mon amor!

Ocells refilen sota el cel d'Enlloc  
que és un món blau de suau remor  
mon amic!

Aigües dels rius de la verda riba  
veniu als arbres del Paradís! us crida  
mon amor!

Enlloc, Paradís,  
ferit m'he vist  
de flors el pit  
mon amic!

Álvaro CUNQUEIRO

La nit es bruna

Tres estrelles son tres  
i l'alosa es una

L'alosa es poncella  
no se si fruita  
no se si estrella

L'aiva ha dit  
que l'aigua i la rosa  
l'han adormit

L'aigua ha cantat  
que l'aiva i l'alba  
l'han despertat

Qui tingvi amor  
qui vinga aquí  
donar la flor!

a Josep Carrer

# I. CUNQUEIRO, OS POETAS CATALÁNS E DOUS POEMAS SEUS NESTA LINGUA

XESÚS ALONSO MONTERO

*Para Francesc Vallverdú,  
amic i company*

I

**T**amén Cunqueiro foi un poeta en catalán: poeta alófono (ou alógloto), por conseguinte. Escribiu, polo menos, dous poemas neste idioma: «Cantiga catalana», varias veces reeditada desde 1935, e «La nit es bruna», inédito ata 1991.

O primeiro poema foi publicado, en novembro de 1935, no número 4 da revista barcelonesa *Quaderns de Poesía*<sup>1</sup>. É o poema que lle envía, manuscrito, a Xosé Filgueira Valverde<sup>2</sup>, o 7 de marzo de 1936<sup>3</sup>. A versión de *Quaderns* é a que exhumou Xesús González Gómez en 1981 na revista *Grial* (Vigo)<sup>4</sup>; sobre estes curiosos versos en lingua catalana chamou a atención Modesto Hermida, algo despois, nun artigo periodístico, no que afirma: «... un poema que se corresponde coa súa poesía neotrovadoreña en galego...»<sup>5</sup>. En 1991 insistirá Filgueira Valverde: «... exercita a forma inxenua «de refrán», na liña neotrovadórica, co xogo «mon amic», «mon amor»»<sup>6</sup>.

Desde 1991, data na que Filgueira Valverde publica o capítulo relativo a Cunqueiro da súa *Antoloxía consultada*, sabemos que o noso poeta

<sup>1</sup> Que dirixían J. V. Foix, T. Garcés, M. Manent, C. Riba e J. Teixidor. Publicouse esta revista de xuño de 1935 (n.º 1) a marzo de 1936 (n.º 8). Hai ed. facsímile, Barcelona, Impr. Leteradura, 1977.

<sup>2</sup> Para a gran *Antoloxía consultada da poesía galega contemporánea* que preparaba, por estas datas, o profesor Filgueira Valverde. (V. o que di o antólogo na «Presentación» da carpeta citada na nota seguinte).

<sup>3</sup> Cunqueiro, Álvaro, *Autopoética e poetas, 1935. Autógrafos e inéditos*, Consello da Cultura Galega, 1991.

Trátase do material enviado a Filgueira Valverde, responsable desta edición, para a *Antoloxía* citada na n.º 2.

<sup>4</sup> «Cunqueiro en *Quaderns de Poesía*», 72, 1981, p. 188.

<sup>5</sup> «Álvaro Cunqueiro, poeta en catalán», *Faro de Vigo*, 2-3-1984.

<sup>6</sup> *Op. cit.* na n.º 3, p. 9.

fixo outra incursión no eido da lingua catalana: o poema «La nit es bruna», dedicado «A Josep Garner»<sup>7</sup>. Ninguén, que eu saiba, ten saudado a aparición destes versos cataláns de Álvaro Cunqueiro. Hoxe por hoxe, só coñecemos dous poemas en catalán do noso escritor, poemas dos que debeu quedar satisfeito e, quizais, unha miguiña orgulloso. Só así se explica que a comezos de 1936 inclúa estes dous textos na breve escolma dos seus versos que fai para a *Antoloxía consultada* de Filgueira Valverde. Hai que supoñer que os escolleu, más que pola súa valía, polo feito de estaren escritos noutra lingua, rasgo que non deixaría de ser rechamante.

Por certo, a Filgueira Valverde envíalle os textos e as respuestas ó Inquerito o 7 de marzo de 1936, tres ou catro meses despois de que a «Cantiga catalana» fose publicada no número 4 de *Quaderns de Poesía* (novembro, 1935). ¿Non posuía un exemplar desta publicación?. Fose como for, o texto da «Cantiga» en *Quaderns* é máis correcto (fora corriido), como aclarará, no seu momento, Gemma Avenoza.

2

Cunqueiro foi a Cataluña por primeira vez en 1934, viaxe na que se mergullía (dito sexa sen esaxeración) na vida literaria barcelonesa. Así nolo conta el mesmo nun artigo moi posterior, de 1971: «Desde 1934 soy amigo del poeta catalán Tomás Garcés. Lo conocí cuando fui por primera vez a Barcelona, en aquel año, invitado por Carles Riba a leer unos poemas míos, en lengua gallega, en «Amics de la poesía», y, de paso, a dar una charla en una hermosa exposición de nuestro pintor Manuel Colmeiro»<sup>8</sup>.

<sup>7</sup> O outro, na ed. de Filgueira, está dedicado «A Tomás Garcés», o seu gran amigo; tal dedicatoria debeuna suprimir Garcés, por pudor de coeditor, na edición de *Quaderns*.

<sup>8</sup> «Las amistades catalanas», *Faro de Vigo*, 1971. No artigo comenta *Plec de poemes* (1971) de Garcés, libro do que Cunqueiro traduciu «Deessa púnica» (v. n.º 20).

Agora ben, por moita que fose a relación, nestes poucos días, cos escritores cataláns e cos libros de poesía nesta lingua<sup>9</sup>, é lícito supoñer que o seu coñecemento da lingua catalana non pasaría de ser «cavito», como nos aclara Armesto Faginas<sup>10</sup>.

Sen embargo, entusiasmado co *Paradís* de Tomás Garcés, traduce algúns dos seus versos:

Paxaro dourado, ven pra acá  
ven pra acá, que a rosada molla  
teu balancín de rama e folla,  
baixo o azul fráxil da mañá.<sup>11</sup>

Son os catro primeiros versos do libro:

Ocell daurat, vine'm ací,  
vine'm ací, que la rosada mulla  
el teu bressol de branca i fulla  
sota el blau fràgil del matí.<sup>12</sup>

Todo fai supoñer, pois, que Cunqueiro, á hora de escribir en catalán, contou, como García Lorca, ó facelo en galego, cun «diccionario vivente», e cabe sospeitar, con certo fundamento, que o seu Guerra da Cal foi Tomás Garcés<sup>13</sup>. Non se exclúe, sen embargo, a posibilidade de que Garcés, ou quien fose, actuase, despois da redacción, de corrector (ou de suxeridor de correccións).

Por certo, a «Cantiga catalana» de Cunqueiro foi publicada nunha sección do número 4 de *Quadrerns de poesía* que se titula «La musa políglota», sección que encabeza o «Madrigal à cibdá de Santiago» de García Lorca e que pecha a «Cantiga» de Cunqueiro. Sinalemos que entre o texto de Federico e o de Álvaro figurán tres poemas de Sebastià Sánchez Juan (italiano, castelán e inglés). Trátase, creo, da primeira escolma de versos alófonos (ou alóglotos) de poetas españoles. Arranxouna, moi probablemente, Tomás Garcés. Nunha carta dirixida a min, moi posterior, facíame saber: «No fue

<sup>9</sup> Garcés agasállao co seu *Paradís* (1931) (v. X. F. Armesto Faginas, *Cunqueiro: unha biografía*, Vigo, Edicións Xerais de Galicia, 1987, p. 97).

<sup>10</sup> *Op. cit.*, p. 97.

<sup>11</sup> Versos que reproduce, anos despois, no seu artigo «Poesía catalana», *Faro de Vigo*, 6-2-1962.

<sup>12</sup> *Poesía completa*, Barcelona, Columna, 1993, p. 119.

<sup>13</sup> Lémbrese a carta de Ernesto Guerra da Cal (Nova Iorque) a Eduardo Blanco-Amor (Buenos Aires) de 1949 verbo da xestación dos *Seis poemas galegos* (1935) de García Lorca: «... mi intervención fue servirle de diccionario viviente».

Lorca quien nos entregó el «Madrigal». Me llegó en un librito, que conservo con mucho cariño, de la Editorial Nós, titulado *Seis poemas galegos*, editado en 1935, con un prólogo de E. B. A. (Eduardo Blanco Amor). Dentro de este ejemplar guardo una cuartilla donde el remitente escribió: «Meu poeta: non sei ren de vosté. Ehí lle mando ises *Poemas galegos* de Lorca. Un abrazo e saúde». Estas palabras las firmaba mi gran amigo Cunqueiro, que lo era ya entonces y lo fue toda su vida...» (30-3-1982)<sup>14</sup>.

O que hoxe está moi claro para os estudiosos de Cunqueiro é que foi sempre un intenso lector de literatura catalana, sobre todo de poesía. En non poucas ocasións comentou libros de poetas cataláns<sup>15</sup>, de tres dos cales, polo menos, traduciu algunas composicións: senllos poemas de Carner e Riba e dous de Espriu<sup>16</sup>.

Admirado Cunqueiro nos seus derradeiros anos por varios escritores cataláns (Joan Perucho, Néstor Luján...), a amizade máis dilatada e, quizais, a máis intensa foi a do poeta Tomás Garcés (1901-1993). A Garcés debemos unha entrañable peza da nosa bibliografía poética: *Deu poemas gallegos*, Santiago, 1954<sup>17</sup>. Un dos dez poemas –todos traducidos por Garcés– é de Cunqueiro: o segundo de *Cantiga nova que se chama riveira* («A unha era ai louríña»: «Era l'una, trena rosa»). O exquisito volume contén, ademais, senllos poemas de Rosalía, Noriega Varela, Cabanillas, Euxenio Montes, Manuel Antonio, Amado Carballo, Bouza-Brey, Iglesia Alvariño e Manuel Cuña Novás. Sobre esta

<sup>14</sup> Reproducida en Alonso Montero, Xesús (ed.), *Carles Riba e Galicia*, Vigo, Galaxia, 1993, pp. 113-115.

Malia o que afirma Garcés, o texto do «Madrigal» non reproduce a edición de 1935 (coa palabra «laio») senón a de 1932 (con «ceio»).

<sup>15</sup> V. *Obra en galego completa*. Ensaio, Vigo, Galaxia, 1991, pp. 113-122.

<sup>16</sup> V. *Flor de diversos. Escolla de poetas traducidos*, Vigo, Galaxia, 1991, pp. 129-33 (ed. de Xesús González Gómez).

Afirmo este estudososo, noutro libro (*Álvaro Cunqueiro, traductor*, Caixa Galicia, 1990, p. 46) que o noso escritor traduciu a outros poetas cataláns: Joan Teixidor, Marta Pessarrodona, Clementina Arderiu...

<sup>17</sup> Santiago é ficción. A edición, non venal, de 250 exemplares, fixose en Barcelona no ano 1954. Foi a homenaxe ós poetas galegos co gallo do III Congreso de Poesía, celebrado en Galicia, ó que Garcés non asistiu por razóns «antifranquistas». Así mo explicaba en carta do 9-5-1982: «... al que por razones políticas una serie de poetas catalanes no quisimos asistir (se estaba haciendo un doble juego en las alturas)...» (v. *Carles Riba e Galicia*, p. 115).

singular publicación fixo Cunqueiro, nunha entrevista de 1980, esta revelación: «... e eu recordarei sempre as dificultades que tiña Tomás Garcés en Cataluña pra edita-lo seu libriño de dez poetas galegos traducidos ó catalán, porque ó catalán podíase traducir do grego e do latín, pero non se podía traducir do francés e, moito menos, do galego ou do vasco; entón eu quíxenlo editar aquí, en Galicia, e non houbo posibilidade. O Delegado de Información e Turismo da Coruña impediuno. Por fin, editouno il en Barcelona, máis ou menos clandestinamente»<sup>18</sup>.

Creo que foi Cunqueiro (e, en parte, logo, Aquilino Iglesia Alvariño) o responsable do galeguismo de Tomás Garcés, galeguismo manifestado de diversos modos e en moi distintas ocasións: no seu artigo da revista *Nós* en 1920<sup>19</sup>, nas traduccións de 1954, nos poemas de tema galego dos libros *Plec de poemes* (1971) e *Escript a terra* (1985)<sup>20</sup> ... Interesan, e moito, oito páxinas do seu «diari» (*El temps que fuig*) nas que conta a súa viaxe polo noso país en agosto de 1966<sup>21</sup>. En Santiago visita á viúva de Aquilino Iglesia Alvariño e na conversa «Parlem dalguns noms, Celso Emilio Ferreiro, el grup «Galaxia», el meu vell amic Álvaro Cunqueiro...»<sup>22</sup>.

## APÉNDICE

Que eu saiba, hai que chegar a 1956 para que un escritor galego posterior a Cunqueiro versifique en catalán. Refírome a «Cançó de guerra», de José Luis López Cid, breve poema publicado na revista *Alborada* do Centro Galego de Barcelona (inverno, 1956). Ofrecémo-lo texto orixinal e a traducción galega, que supoñemos do propio López Cid.

<sup>18</sup> Entrevista exhuma por Ramón Nicolás no volume *Entrevistas con A. Cunqueiro*, Vigo, Nigra, 1994, p. 257.

<sup>19</sup> «Angel Guimerà, poeta», *Nós*, 3, 1920 (artigo en catalán).

Data na que ainda non trataba a Aquilino e a Álvaro (si a Risco), daquela uns nenos.

<sup>20</sup> No primeiro, «Tríptic galai», e no segundo, «Paisatge gallec». O «Tríptic» («Sense brida ni genet», «Monfero» e «L'ombra de Rosalia») foi reproducido na revista *Dorna*, da Universidade de Santiago (12, 1987), reproducción precedida dun breve artigo de Basilio Losada («Tomás Garcés, nos oiten ta e cinco anos dun amigo de Galicia»). V. n. 8.

<sup>21</sup> *Prosa completa*, I, Barcelona, Columna, 1988, pp. 117-125. Dúas destas páxinas reproducíreas *Dorna* no núm. cit. na n. 20.

<sup>22</sup> *Op. cit.*, p. 124.

### Cançó de guerra

La llum de l'álbada  
endureix el casc;  
vora la masia  
l'atmeller flairant.

La boira del Segre  
s'eixuga al fusell,  
l'aviram deixondi  
ençà Balaguer.

Damunt la trinxera  
s'escola la nit.  
La xibeca plora  
per els morts d'avui.

### Cantiga de guerra

A lus da alborada  
endura no casco;  
ó pc do casal  
recende a amendoeira.

A néboa do Segre  
enxoita ó fusil,  
o poleiro esperta  
cara Balaguer.

Sobor da trincheira  
esbarou a noite.  
A curuxa chora  
polos mortos d'oxe.

O autor, que fixo a guerra (a Guerra Civil) en terras aragonesas e catalanas, fai referencia, cremos, a esta experiencia.

Por certo, o prólogo de *Deu poemes gallegos* (xullo de 1954) publicouse en castelán, en traducción do propio Tomás Garcés, nesta revista *Alborada*, pouco despois da «Cançó» de José Luis López Cid (1955). É neste limiar onde lembra, unha vez máis, a Cunqueiro: «Amb ells (os «llibres») d'Álvaro Cunqueiro, que a les portes del 36 lligá savientemente tradició i modernitat, en les seves cantigues cristal.línes...».

Antes de Cunqueiro, escribira versos en catalán Emilio Álvarez Giménez (1830-1911). Nado na Puebla de Sanabria, residiu en Pontevedra cincuenta e catro anos, pero, de novo, vivira algún tempo en terras de fala catalana (Mataró, Barcelona, Palma de Mallorca).

## II. SOBRE EL CATALÁN DE CUNQUEIRO

GEMMA AVENOZA I VERA

**C**uando el Prof. Alonso Montero nos sugirió la reflexión sobre los ensayos poéticos de Cunqueiro en catalán, ni siquiera nos pasó por la cabeza la complejidad de relaciones que se escondían tras unos versos inocentes y que nos han llevado algo más allá de lo que, en un principio, se nos pidió: unas observaciones acerca del catalán literario empleado por el poeta gallego y una valoración acerca de su corrección lingüística.

Por seguir algún orden, empezaremos por leer -con ojos de corrección lingüística- los versos dedicados por Cunqueiro a Tomàs Garcés y a Josep Carner: *Cantiga Catalana* y *La nit és bruna*. Para la segunda composición disponemos de una única versión autógrafa<sup>23</sup>, mientras que de la primera poseemos dos versiones, una autógrafa<sup>24</sup> y otra que fué publicada en 1935 en la revista *Quaderns de Poesia* (p. 32)<sup>25</sup>; ambas redacciones difieren en algunos aspectos meramente ortográficos, que se deben, sin duda alguna, a la intervención de los editores catalanes sobre el texto de Cunqueiro, ya de por sí bastante correcto. Se nos sugirió que quizás el asesor lingüístico del poeta gallego pudiera estar dentro de aquella muy reducida minoría de escritores que discutieron las *Normes ortogràfiques*, pero en las fechas en las que se publicó el poema -1935- las *Normes* habían sido asumidas de forma generalizada por todos los intelectuales catalanes y, en todo caso, del análisis detallado de las pequeñas «desviaciones» que presenta la escritura de Cunqueiro, más que una orientación «antinormista», lo que encontraremos

<sup>23</sup> Cuyo facsímil se recoge en la *Autopoética e poesías 1935. Autògrafs e inèdits de Àlvaro Cunqueiro*, [Santiago], Consello da Cultura Galega, 1991, [p. 23].

<sup>24</sup> Ibidem, [p. 21].

<sup>25</sup> Entre los redactores de aquella publicación estaban Tomàs Garcés, J. V. Foix y Carles Riba; nombres que nos conducen a un grupo de poetas activos en la década de los treinta y que son fundamentales para entender la creación poética del siglo veinte.

es la falta de pericia en el manejo de la normativa y de sus excepciones.

En la *Cantiga catalana*, según se lee en el autógrafo, faltan algunas tildes: *es flor*, *es encara*, etc., el error ortográfico se limita a la ausencia de la tilde para distinguirla de las formas del pronombre débil y del pronombre reflexivo *es*. La decisión de emplear la tilde para distinguir los homógrafos no homófonos se remonta a la primera redacción de las *Normes ortogràfiques* y se tomó por mayoría<sup>26</sup>.

... *e per cims d'Enloc*. Creemos que aquí también existe un error ortográfico en la forma de la preposición *per* (por), en lugar de *pels* (por los), donde se hace la contracción de *per + els*; de todos modos, cabe advertir que aquí estamos en el nivel de la mera conjectura, ya que la construcción fue respetada en la versión que se publicó en *Quaderns de Poesia*.

*El seu cos s'enfonza* se lee en el autógrafo, mientras que en la edición leemos correctamente *El seu cos s'enfonsa*. En efecto, aunque la consonante fricativa alveolar sonora /z/ según la norma general ortográfica (se escribe <z> en general y <ss> entre dos vocales)<sup>27</sup> podría corresponder a una grafía <z>, ya que en la primera redacción de las normas se decidió grafiar con <ss> y no con <z> el prefijo TRANS-,<sup>28</sup> criterio que se extendió a los compuestos de DINS- y de FONS-. El uso ortográfico de Cunqueiro sigue la norma general, que atendería a la realidad fonética, ignorando que se trataba de una excepción a la regla. Nuevamente, este

<sup>26</sup> Mila Segarra, «Les set redaccions de les *Normes ortogràfiques* del l'Institut d'Estudis Catalans», en *Miscel·lània Antoni M. Badia Margarit 12 = Estudis de Llengua i Literatura catalanes X*, Barcelona, Publicacions de l'Abadia de Montserrat, 1985, pp. 191-203, esp. p. 207; el acuerdo señalaba que no se fijaría la ortografía de los homógrafos no homófonos hasta que la *Secció Filològica* no fijase la lista completa.

<sup>27</sup> P. Fabra, *Gramàtica catalana*, Barcelona, Teide, s. a. Ap. 21 p. 14.

<sup>28</sup> Cf. Mila Segarra, op. cit. p. 203.

error no puede llevarnos a pensar que la persona que ayudó a Cunqueiro en la revisión del texto estuviera entre aquellas que en las sesiones del *Institut d'Estudis Catalans* votaron en contra de algunas normas, ya que precisamente esta fue aprobada por todos los ponentes<sup>29</sup>.

*Un mon blau.* De nuevo el error corresponde a la falta de tilde que diferencia homógrafos no homófonos: *Món* (mundo) frente a *mon* (mío), forma del posesivo átono. Este error también está corregido en la edición impresa.

*Verde riba.* Este adjetivo tiene en catalán dos terminaciones: *verd* para el masculino y *verda* para el femenino<sup>30</sup>. Error muy común entre los no-catalanoparlantes que se empiezan a expresar en catalán y aún no manejan con soltura el léxico de la lengua.

*Veniu.* Si antes faltaban tildes, en este caso sobra; no lleva tilde al tratarse de una palabra paroxítona VE - NI U, que acaba en vocal y según las normas de acentuación, no debe llevar tilde. Tanto este error ortográfico como el anterior fueron corregidos en la versión impresa.

En la segunda composición *La nit es bruna*, de la que sólo disponemos de la versión autógrafa, detectamos errores similares a los ya mencionados: falta de tilde en formas del verbo ser: *La nit es bruna*, *L'alosa es una*, etc. y también falta de tildes en homógrafos no homófonos: *No se si fruïta / no se si estrella*, donde la forma *se* debería llevar tilde para distinguir la forma del verbo *saber* de la del pronombre átono *se*.

*Qui vinga aquí.* En este verso pueden encontrarse dos errores. Por un lado creemos que la forma *qui* (quien) está aquí mal empleada, ya que por coherencia de significado debería leerse, preferentemente, *que vinga aquí*, es decir: «Aquel que tenía amor, que veña aquí e darémoslle a flor». En nuestra versión respetamos la lectura *qui* y traducimos *quen*, quedando la lectura de la estrofa como sigue: «Aquel que tenía amor, aquel (que) veña aquí, darémoslle a flor». La otra cuestión es la que tiene que ver con la forma del verbo *venir*, junto a esta forma existe otra dialectal, *vindre*, muy extendida en el área del barcelonés y del

valenciano, que fue rechazada del estándar de la lengua por Pompeu Fabra en la elaboración del *Diccionari*. La forma del texto, *vinga*, corresponde a la primera persona del presente de subjuntivo del paradigma de *vindre* (*venir* tiene «*vingui*»). La curiosidad es que en el verso anterior aparecía la forma *tingui*, del verbo *tenir*, al que afecta la misma peculiaridad que a *vindre/venir*, ya que en el ámbito barcelonés y valenciano aún hoy se conserva *tindre* (también rechazado por el estándar de la lengua).

*Donar la flor.* La construcción -si realmente lleva implícito un destinatario- exigiría necesariamente la preposición *a*. En este caso se podría tratar de un galleguismo, ya que esta misma construcción se hace en gallego sin preposición.

Hasta aquí unos comentarios breves y de poca relevancia sobre la corrección lingüística de Cunqueiro, más que notable, dadas las circunstancias en las que pudo acceder a la lengua catalana.

Mientras leímos estos versos algo nos resultaba muy familiar en los oídos, algunas palabras nos traían recuerdos de versos de poetas catalanes activos en los años previos a la guerra civil, especialmente ecos de Joan Salvat-Papasseit suenan tras el primer verso de *La nit és bruna*; dado que el poeta barcelonés murió en 1924, intentamos buscar el nexo de unión entre ambos y no fue difícil encontrarlo en la persona y la obra de Tomàs Garcés, el poeta catalán a quien Cunqueiro dedicó su *Cantiga Catalana*.

En 1931 aparece la primera edición de un poemario de Garcés que Cunqueiro conoció: *Paradís*<sup>31</sup>. Es obligado leer la *Cantiga catalana* como una confirmación poética de la lectura atenta de los versos de Tomàs Garcés. *Paradís* se abre con un poema así titulado<sup>32</sup> e incluye unos versos encabezados por la rúbrica *Enlloc*<sup>33</sup>. Así pues, el primer verso cunqueriano rememora ambos poemas del amigo, de cuya lectura fue extrayendo los materiales que fundiría en sus propios versos, realizando con ello una alquimia poética.

Por poner algunos ejemplos, la llamada de Garcés en *Paradís*: «Ocell daurat, vine'm ací» o el lugar mágico, *enlloc*, hacia donde huyen los pájaros:

<sup>29</sup> Ibidem.

<sup>30</sup> No se incluye en la lista de la *Gramàtica* de P. Fabra (Ap. 29, pp. 20-21), pero se hace mención explícita del hecho en el mismo párrafo (p. 22), cuando se habla de la grafía <-d> para las formas masculinas de adjetivos que en femenino acaban en <-da>.

<sup>31</sup> Hemos consultado estos textos en la edición de 1961: *Obra poética* (pròleg de Josep-S. Pons), Barcelona, Editorial Selecta.

<sup>32</sup> Ibidem, p. 89.

<sup>33</sup> Ibidem, p. 97.

Enllloc, màgic país... Infant, te l'afigures?  
 Llises parets l'enronden, alta blancor de calç.  
 Els ocells fugiren vers les prades tendrals  
 i les aigües no hi saben fer les fruites madures<sup>34</sup>

son los mismos que aparecen en los versos de Cunqueiro:

Ocells refilen sota el cel d'Enllloc  
 que es un móñ blau de suau remor

Lo mismo que ese azul, ligado al paraíso, que también figura en los versos de Garcés: «sota el blau fràgil del matí»<sup>35</sup>, que aparece recurrentemente en su obra: «els ulls del móñ són blaus»<sup>36</sup>.

También el estribillo *mon amor/mon amic*, debe leerse como una «cita» elegante de buena lectura de los versos de Garcés, precisamente del segundo poema del volumen, *Viatge*, «Oh, mon amor, la llum de la muntanya ens crida» (p. 89) y «Oh, mon amor, el viatge fini:» (p. 90)<sup>37</sup>.

Por lo que respecta al motivo del mar y del viento, recuerdan los versos de dos poemas: *Cants dels mariners* y *Noves cançons del port* (pp. 98 y 99-103).

Creemos que Cunqueiro construyó este poema sobre sus impresiones de lectura de los versos del poemario de Tomàs Garcés y en lugar de escribirle una carta agradeciendo el libro, decidió componer un poema homenajeando a su amigo.

Volvamos ahora a lo que apuntábamos al principio, el uso de algunas formas que nos han llamado la atención, muy especialmente el adjetivo *bruna*, que nos hizo recordar versos de Joan Salvat-Papasseit<sup>38</sup>: «Blanca/ bruna/ i fina com un pa de mel» (p. 274). El adjetivo, según Alcover, no era de uso frecuente, por causa de la extensión de *moreno*, *morena*, que para el canónigo mallorquín eran castellanismos; sin embargo Coromines discrepa: *Moreno* no es castellanismo sino un mozárabismo y *bru*, *bruna*, son formas que pueden

<sup>34</sup> Ibidem.

<sup>35</sup> Ibidem, p. 89.

<sup>36</sup> Ibidem, *Espiadimonis*, p. 96.

<sup>37</sup> El uso del posesivo átono es frecuente en Garcés, podemos encontrarlo por ejemplo, en *Enllloc*: «No és, oh mon infant...»

<sup>38</sup> Empleamos la edición facsímil de la *Poesía completa*.

encontrarse en una conocida canción infantil, que nos informa sobre la vigencia real del término, ya que «bruna» se sustituye comúnmente por «pruna», pues los niños desconocen por lo general el adjetivo «bruna». Sin embargo es una forma que aparece con frecuencia en descripciones femeninas en la poesía de las décadas de los veinte y los treinta, tanto en la de Joan Salvat-Papasseit como en la de su «protegido» y amigo Tomàs Garcés:

A l'ombra d'un taronger  
 tres minyonetes cantaven.  
 L'una té la trena d'or,  
 l'altra és bruna i soŀlada...<sup>39</sup>

Pero es en la obra de Salvat-Papasseit donde con más intensidad se repite el calificativo

L'home bru ros del port (p. 187)

...el nadó és més petit que la mamella d'ella  
 més petit i més bru (p. 196)

... mira's a l'aigua d'un torrent  
 i es ven ben blanca  
 però és bruna  
 que els roquisser senten turment. (p. 206)

...mireu la noia que us guanya l'esclat,  
 bella i pubilla, i és bruna de rostre (p. 237)<sup>40</sup>

Acota el cap endins la porxada de verd,  
 als taronjers florits, la promesa-donzella:  
 Una alosa destria la blancor  
 dins el verd (p. 57)

La relación entre Tomàs Garcés y Joan Salvat-Papasseit fue intensa, el mismo Garcés cuenta como al salir de la Universidad pasaba por la librería que regentaba el poeta, excelente lector de sus versos y protector. Quizás Garcés además de proporcionar sus propios versos a Cunqueiro, le hiciese llegar también las obras de aquel otro poeta, desaparecido tan prematuramente, que tan deliciosamente supo condensar en materia poética la experiencia amorosa.

<sup>39</sup> *Cançó de l'amor que passa*, p. 34, op. cit.

<sup>40</sup> El poema acaba mencionando el canto de la alondra.

## APÉNDICE

### TRADUCCIÓN GALEGA, DE DOUS POEMAS CATALÁNS, POR GEMMA AVENOZA

#### CANTIGA CATALANA

Paraíso, En-ningures

A auga é flor  
e a ánima róubame  
meu amor!

A mar é ainda unha moza nova  
e polos cumes de En-ningures o seu corpo afúndese  
meu amigo!

O veleiro é un rosal florido  
e o vento novo unha frecha de ouro fino  
meu amor!

Páxaros rechouchían baixo o ceo de En-ningures  
que é un mundo azul de suave rumor  
meu amigo!

Augas dos ríos da verde ribeira  
vinde ás árbores do Paraíso! chámavos  
meu amor!

En-ningures, Paraíso  
vinme ferido  
de flores o peito  
meu amigo!

\* \* \*

A noite é moura  
tres estrelas son tres  
e a laverca é unha

A laverca é doncela  
non sei se froita  
non sei se estrela

O aire dixo  
que a auga e a rosa  
dormírono

A auga cantou  
que o aire e a alba  
a despertaron

Quen teña amor  
que veña aquí  
dar a flor!